



# CORONA GONZÁLEZ SANTOS E RAMÓN GONZÁLEZ: UN MATRIMONIO DE MECENAS

---

Celia Castro

---

## 1. Introducción.

Varios foron os personaxes ribadenses que despois de emigrar a terras americanas e conseguindo alí facer fortuna, a base de anos de traballo e esforzo, regresaron á súa terra natal, onde foron patrocinadores de importantes obras sociais e culturais.

Hoxe recórdaselles co nome dunha rúa, dunha asociación cultural, ou cunha placa conmemorativa na casa onde naceron.

Entre eles destaca a figura de Ramón González Fernández, de quen, xunto ca súa dona Corona González Santos tratarei neste pequeno artigo. Nel intentarei estudar as relacións que o matrimonio estableceu no primeiro cuarto do S XX en Ribadeo coa familia Prieto, especialmente con dous dos seus membros: O fotógrafo Benito Prieto Ferrero e o seu fillo Benito Prieto Coussent.

## 2. Algúns datos biográficos.

Naceu en Ribadeo o 22 de Abril de 1856 no barrio de Porcillán, (aínda que se lle colocou unha placa conmemorativa nunha casa que construíu máis tarde na rúa San Roque). Nesta vila pasou a súa nenez e primeira xuventude. Alí estudou Náutica e Comercio, pero preferiu non exercer estas profesións e emigrar a América.

Aínda moi novo emigrou á Arxentina, onde se estableceu na cidade de Rosario de Santa Fe, traballando primeiro como empregado na casa comercial Correa, Gana e Compañía, máis tarde como socio na empresa Mendeto e Compañía, e máis tarde

como sucesor na Ramón González e Cía, retirándose en 1896<sup>1</sup>.

En 1899 regresou a España onde continuou realizando diversas actividades entre elas a creación do Banco Español do Río da Prata en Santiago e en Vigo.

Nunha viaxe a Porriño, para visitar un amigo, na Estación do tren, viu a Corona González Santos, que paseaba por esta cunhas amigas, como era costume nas señoritas da boa sociedade da época. Casáronse o 22 de Setembro de 1900 na Capela das Angustias de Sanguñeda de Mos, en Porriño).

O matrimonio residía por tempadas en Ribadeo e en Porriño, exercendo en ambos os dous lugares o seu labor filantrópico, contribuíndo de xeito activo ao desenvolvemento de ambas localidades.

Entre outras actividades, en Ribadeo, Ramón González foi membro da Sociedade Obreira de Socorros Mutuos, "A Concordia", e o seu presidente en 1910. Foi tamén membro do Ateneo Biblioteca Popular, e contribuíu ao desenvolvemento desta institución subvencionando clases de distintas materias e instrumentos musicais. Ademais adxudicou bolsas a varios alumnos da vila para que puidesen realizar os seus estudos.

Subvencionou tamén a construción do Teatro, a de A Praza de Abastos e doou unha importante cantidade de diñeiro para as Festas Patronais de 1925.

---

<sup>1</sup>"Algunos datos biográficos sobre el Excmo Sr D.Ramón González Fernández", *Las Riberas del Eo*. Ribadeo 19 de Decembro de 1925.

Foi nomeado Fillo Predilecto de Ribadeo en 1922, facéndoselle unha grande homenaxe na vila en colaboración co Ateneo e a Concordia<sup>2</sup>.

En Porriño e Mos tamén o matrimonio exerceu un importante labor benéfico e cultural.

En Porriño financiaron o templo parroquial, inaugurado en 1913, e encargaron ao arquitecto Antonio Palacios o edificio do Concello. Comezado en 1921, e rematado tres anos despois, é unha espléndida obra do arquitecto, na que combina o historicismo medieval, cun sentido da monumentalidade e solidez moi de moda na época.

Don Ramón faleceu o 15 de Decembro de 1925 no Porriño, sendo enterrado en Ribadeo o 17 do mesmo mes.

En 1926 o Concello de Ribadeo nomeou a D<sup>a</sup>. Corona filla adoptiva "en proba de afecto e gratitude pola súa valiosa e eficaz valoración en todos os actos altruístas realizados polo seu finado esposo e fillo predilecto de Ribadeo, o Excmo. Sr D.Ramón González Fernández"<sup>3</sup>.

Ela foi sempre unha muller moi culta e avanzada para a súa época, practicando entre outras afeccións a fotografía e a escultura en cemento.

A súas actividades altruístas non cesaron, e en 1929, cedeu os terreos para a nova igrexa da Orde Franciscana Terciaria (á que ela tamén pertencía), patrocinando a nova igrexa, que foi rematada o 17 de xuño de 1931, alí mandou construír un precioso mausoleo Art Decó, onde trasladou os restos do seu esposo, sendo tamén ela enterrada neste, en 1972.

Ata o seu falecemento residiu en Porriño con algunha breve estanza en Ribadeo.

## 2. A familia Prieto Coussent.

Benito Prieto Ferrero, natural de La Bañeza (León), estableceuse como fotógrafo en Ribadeo entre los últimos anos do século XIX e os primeiros do XX, aínda que non hai moitos datos a este respecto. No seu selo fotográfico, pode lerse:

Foto Prieto

Casa fundada en 1902

Taller de fotografía, ampliaciones, fotografías en negro y en sepia. Retratos al óleo.

Se revelan películas de los aficionados.

Casa Central: Ribadeo.

Sucursales: Navia y Vegadeo.

Créese que aprendeu a arte da fotografía en Francia, montando xunto co seu irmán Leonardo un estudo fotográfico en La Bañeza en 1897.

Establecido xa en Ribadeo e casado con Nieves Coussent Centeno, nesta localidade naceron os seus fillos, Elisa, Benito, Ángeles, Gloria, Encarnación e Luis.

Nos arquivos do rexistro civil de Ribadeo recóllese a súa data de nacemento e de defunción, en 1944 aos 72 anos de idade. A data de nacemento está borrosa, e non se distingue con claridade se é en 1862 ou en 1872<sup>4</sup>.

O seu estudo, *Foto Prieto*, terá sucursais en Navia, Vegadeo e Luarca, no occidente asturiano, e durante o primeiro terzo do S XX será quizais o fotógrafo máis coñecido e de máis prestixio da bisbarra do Eo.

Polo seu estudo pasan persoas de todas as categorías sociais, dende tipos populares ata personaxes da alta burguesía e da nobreza. Dispoñía, como todos os fotógrafos da época, de varios panos de fondo para ambientar os seus retratos, e dun variado atrezzo - cadeiras de brazos, veladores, xoguetes- para situar aos retratados.

Ramón González e Corona González Santos foron clientes seus en numerosas ocasións.

Consérvanse varias fotografías de ambos os dous, retratos individuais, dobres e con outras persoas.

Estes son algúns deles:

É unha fotografía tomada pouco tempo despois do seu matrimonio.

---

<sup>2</sup>Ramón González Fernández, *Galegos. Galicia Dixital. Portal de Galicia*.

<sup>3</sup>Vid. Blog Atalaia. Mércores 17 de Decembro de 2008. Ribadeo.

---

<sup>4</sup>Álvarez Oblanca e Barrionuevo Almuzara, *León, una mirada fotográfica*. Fundación Hullera Vasco-leonesa. León. 2009. Páx. 152-153.



Lám. 1 - D<sup>a</sup>. Corona González Santos. Benito Prieto Ferrero. Ribadeo. Fotografía á albumina. 23x16,50 cm. Colección particular.

Pousa de corpo enteiro con vestido longo e chal, e o pelo recollido nun moño á moda da época. O fondo é un pano pintado que representa o interior dun amplo salón, a un lado, detrás dun cortinón repregado, vese unha porta que dá acceso a un xardín ou unha terraza con plantas.

Dona Corona posa ergueita no centro sobre unha grande alfombra con estampado floral, co corpo en escorzo e a cabeza xirada cara ao fotógrafo, nunha pose elegante e unha actitude algo distante.

Posiblemente á mesma sesión pertence esta outra na que aparece en compañía da súa irmá Aurora. Teñen o mesmo fondo, o salón e a porta que dá á terraza ou xardín, o chan está cuberto cunha grande alfombra de flores, e solo se introduce algún elemento novo.

Ao ser neste caso dúas as persoas fotografadas, aparece, como é usual na época, unha sentada e outra de pé. Forman neste caso unha composición harmónica e elegante, na que ambas as dúas mozas aparecen ollando un álbum de fotos, dos que os fotógrafos adoitan ter no seu estudo, neste caso trátase dun de vistas panorámicas de Ribadeo. Dña. Corona, sentada nunha cadeira de brazos de corte



Lám 2 - D<sup>a</sup>. Corona González Santos e a súa irmá Aurora. Benito Prieto Ferrero. Ribadeo. Fotografía á albumina. 23x16,50 cm. Colección particular.

modernista, sostén o álbum nas súas mans, a súa irmá, de pé, ólao por enriba do seu ombro. As dúas teñen o cabelo recollido nun moño, seguindo a moda da época, e mentres o seus rostros aparecen de perfil, os seus corpos están xirados en postura de tres cuartos.

A seguinte fotografía, moi posterior, calculo que realizada a partir de 1920, está sacada tamén no estudo ribadense de Benito Prieto Ferrero, aínda que esta vez



Lám 3 – Dña. Corona González Santos e D. Ramón González. Benito Prieto Ferrero. Ribadeo. Fotografía á albumina. 9,50x 14,50cm. Colección particular.

no marco pode lerse: “Prieto-Ribadeo. Sucursais Navia e Luarca”.

É unha foto de medio corpo, na que os retratados destacan sobre un pano de fondo.

Corona mira ao seu marido de perfil cunha expresión entrañable. É unha muller máis madura, que usa anteollos, o que lle da un carácter de intelectualidade e naturalidade. D. Ramón mira á cámara coa cabeza lixeiramente ladeada, postura que favorece un lixeiro claroscuro e unha maior definición das súas faccións. Calculo que esta foto pode datarse nos seus últimos anos, pola súa fisionomía envellecida e máis delgada. Non obstante a súa expresión intelixente e esperta é a mesma que podemos contemplar noutros retratos contemporáneos e anteriores.



Lám 4 - D. Ramón González. Foto en Dominio público  
Fuente: <http://www.galegos.info/ramon-gonzalez-fernandez>

### 3. Benito Prieto Coussent.

Benito Prieto, nacido en Ribadeo o 6 de Xuño de 1907, foi o maior dos fillos de Benito Prieto Ferrero e Nieves Coussent Centeno. Viviu en Padul dende 1941 por mor do seu matrimonio con M<sup>ra</sup> Antonia Rejón, mestra e farmacéutica, residindo alí ata a morte desta, en 1958. Logo, traslada a súa residencia a Granada, onde falece o 3 de Febreiro do 2001 aos 93 anos.

Consérvanse dende a súa xuventude cadros que mostran o seu profundo interese pola pintura clásica, á vez que un sentido da perfección que nunca abandonará. Aos quince anos foise estudar Belas Artes a Madrid na Academia de San Fernando, cunha bolsa de estudos proporcionada pola Deputación de Lugo. Alí estivo baixo a tutela do gravador lucense Castro Gil,

tendo ademais mestres tan prestixiosos como Cecilio Plá, Manuel Bedito, José Moreno Carbonero e Julio Romero de Torres, e compañeiros como Salvador Dalí. En 1928, era posuidor xa do título de profesor de Debuxo recibindo os seus primeiros encargos importantes, entre eles os retratos de Don Alfonso XIII e o de D. Ramón González e a realización do *Monumento ao Santísimo de Galdo* (Viveiro)<sup>5</sup>.

Aos vinte e cinco anos obtén unha praza de profesor titular no Instituto de Tui, onde permanecerá dous anos, sendo encarcerado polas súas ideas liberais e mais tarde posto en liberdade.

En 1940 cásase e vaise a vivir a El Padul.

A partir de entón vivirá alí e en Granada ata a súa morte.

Obterá numerosos éxitos na pintura, entre eles unha terceira medalla na Exposición Nacional de 1948 polo seu Cristo na cruz.

Fará numerosos retratos de diversas personalidades españolas e estranxeiras, e en 1983 é nomeado numerario da Academia de Belas Artes de Granada á que doa o seu cadro El Padre Damián.

Seguirá pintando ininterrompidamente obras de gran formato ata a súa morte en 2001.

Consérvase obra súa en varios museos españois e estranxeiros.

Aínda que nunca perdeu o contacto con Ribadeo, onde tiña numerosos amigos, é pouca a obra que se conserva alí da súa xuventude, da súa etapa artística ata 1940.

Da relación da familia Prieto con Ramón González e Corona González Santos, temos moitas referencias.

Coñecemos tamén a axuda e protección que o matrimonio prestou a Benito Prieto Coussent ao comezo da súa carreira.

Esta vén dada polos encargos feitos ao pintor cando aínda era un artista novel, acabada de rematar a súa carreira de Belas Artes.

Entre estes primeiros encargos figuran os cadros *A Santa Cea*, datado en 1930 e *A morte de San Xosé*,

<sup>5</sup>Fausto Galdo Fernández. *Pintores y pintura de Viveiro*. Edicións do Castro. Sada. 1992. Páx. 69.

---

pertencentes aos seus descendentes, e dende hai anos en depósito no Museo Quiñones de León en Vigo<sup>6</sup>.

Pero uns anos antes, en 1923, xa realizara dous retratos de Ramón González, tomando como base fotografías feitas, presumiblemente, no estudo do seu pai.

Neles vese, que a pesar da súa idade temperá (un deles, un debuxo, está datado o 4-9-1923) é xa un extraordinario debuxante, con gran firmeza de liña e unha extraordinaria penetración psicolóxica, reflectindo con grande agudeza o carácter do retratado. O debuxo, lám. 5, está feito sobre una fotografía, na que, tal como era usual na época positivouse tan só a cara, pintando por enriba.

Creo que as similitudes entre o debuxo a lapis (utiliza tres cores) e a fotografía da lámina 6, son evidentes: a pose, a actitude, o traxe, o alfinete de gravata (que cambia de posición), e a fisionomía. Nesta última, capta ata os máis mínimos detalles, como unha pequena espulla que ten D. Ramón baixo o ollo dereito. As cellas poboadas, e o cello lixeiramente pregado son característicos e a expresión enérxica e concentrada que podemos observar así mesmo noutras fotografías que se lle toman polos mesmos anos. Neste debuxo, podemos facer notar, como característica salientable, a maior suavidade das faccións.



Lám. 5  
Benito Prieto Coussent.  
*Retrato de Ramón González.*  
Lapis sobre fotografía. 75x45 cm.  
1923. Colección particular.




Lám. 6  
*Retrato de Ramón González.*  
Fotografía en dominio público.  
Fuente: <http://www.galegos.info/ramon-gonzalez-fernandez>

Calculo que entre 1823 y 1825 fíxose este segundo retrato, un óleo sen asinar nin datar (aínda que consta nun papel que é da súa man), e que mostra o dominio que desta técnica ten xa o artista.

O modelo ten máis ou menos a mesma idade, e a disposición e actitude son similares ao anterior, baseouse tamén, con toda probabilidade, nunha fotografía.

É tamén un retrato de busto e cunha gama de cores reducida, tomando como base os tons marrón, ocre e area, consegue unha composición sobria que transmite ao mesmo tempo calidez e elegancia.

Sobre un fondo castaño e uniforme destaca a cabeza do retratado rodeada dunha luz suave e dourada, a mesma que baña o seu rostro, matizado por un suave claroscuro.



Lám. 7  
Benito Prieto Coussent.  
*Retrato de Ramón González.*  
Óleo sobre lenzo. 70x60 cm.  
Ca 1923. Colección particular.



Lám. 8  
Benito Prieto Coussent.  
*Retrato de José Ramón.*  
Óleo sobre lenzo. 62x35cm.  
1924. Colección particular

Ademais por estas datas Prieto Coussent recibe outro encargo do matrimonio González, o retrato do seu sobriño José Ramón. Está asinado no ángulo inferior esquerdo e debaixo lése: Ribadeo 1924.

O neno José Ramón a idade de nove anos está retratado co traxe típico de Galicia.

Aínda que non moi usual nesta época, empezan a verse nos estudos dos fotógrafos retratos de personaxes da nobreza, alta burguesía ou clase media, vestindo este atuendo.

---

<sup>6</sup>Celia Castro Fernández. "A Última Cea de Xesús, de Benito Prieto Coussent", *Lucensia*. Lugo. 2014. Páx. 121-128.

A temática costumista posta de moda polos pintores do romanticismo -véxase o caso en Galicia de Dionisio Fierros- e continuada por artistas como Sotomayor, foi seguida por outros moitos pintores do momento.

Probablemente o artista se axudase de algunha fotografía contemporánea do modelo, posto que existen varias do mesmo realizadas en Ribadeo no estudo *Foto Prieto*.

É un retrato de corpo enteiro. A imaxe do neno resalta sobre un fondo escuro e indefinido. Ten unha expresión seria, mira de fronte, mentres a súa figura xirase en tres cuartos marcando un leve escorzo. Os pés están algo separados e os brazos caen en liña có resto do corpo. A man dereita sostén unha vara que recorda ás agulladas que se usan para picar os bois.

A gama cromática é reducida, destacando fortemente o branco da camisa, o vermello do chaleco e as borlas verdes e vermellas da monteira e das medias como únicas notas de cor.

O pintor faría este cadro aos dezasete anos demostrando xa unha boa técnica, e esa penetración psicolóxica que iría perfeccionando ao longo da súa vida, e que desembocando nun intenso realismo faría posible cadros como *El Padre Damián* que doou en 1983 á Academia de Belas Artes de Granada.

#### 4. Conclusión.

A miña intención con este artigo é recordar con cariño e agradecemento a aqueles personaxes, neste caso Ramón González e Corona González Santos, que co seu entusiasmo e mecenado contribuíron á nosa cultura, financiando importantes obras e facendo posible o desenvolvemento de tantos pobos e cidades de Galicia. Grazas a eles, a miúdo inxustamente

esquecidos, e a artistas de talento, así mesmo esquecidos, como Benito Prieto Coussent, temos hoxe conciencia e testemuño duns anos fundamentais para o desenvolvemento da nosa historia.

#### Bibliografía.

ÁLVAREZ OBLANCA, WENCESLAO e BARRIONUEVO ALMUZARA, ISABEL. *León, una mirada fotográfica*. León. Fundación Hullera Vasco-Leonesa. 2009.

CASTRO FERNÁNDEZ, CELIA. "A Última Cea de Xesús de Benito Prieto Coussent". Revista *Lucensia*. Nº 48. Lugo. Ed Biblioteca do Seminario Diocesano. 2014.

GALDO FERNÁNDEZ, FAUSTO. *Pintura y pintores de Viveiro*. Sada. Edicións do Castro. 1992.

RUIZ RODRÍGUEZ, LUIS. "Benito Prieto Coussent". *Artistas Gallegos. Pintores (Figuracións)*. A Coruña. Nova Galicia Edicións. 2004.

"Algunos datos biográficos sobre el Excmo Sr. D.Ramón González Fernández". *Las Riberas del Eo*. Ribadeo 19 de Decembro de 1925.

Webgrafía.

[atalaia.blogspot.com/](http://atalaia.blogspot.com/)

<http://atalaiaasocvecinos.blogcindario.com/>

Ribadeo. 17 de Decembro 2008.

<http://www.galegos.info/ramon-gonzalez-fernandez>.

SOCIEDAD CULTURAL BENITO PRIETO COUSSENT.

<http://www.prieto-coussent.com/index.html>